

Resolución do 19 de febreiro de 2008, da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador MON-PO-0020/2007-V.

En cumprimento do establecido no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase ao interesado, cuxos datos persoais e último enderezo coñecido figuran no anexo, a resolución do expediente sancionador en materia de montes nº MON-PO-0020/2007-V, ao non ser posible realizala a través do servizo de correos.

O interesado poderá examinar a resolución completa no Servizo de Xestión de Montes da Consellería do Medio Rural, situada na rúa San Lázaro s/n, 1º andar, en Santiago de Compostela.

Contra a resolución do expediente cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido este prazo sen terse presentado o dito recurso, esta resolución adquirirá carácter de firmeza en vía administrativa e será inmediatamente executiva, segundo dispón o artigo 138.3º da citada norma.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2008.

Alberte Blanco Casal

Director xeral de Montes e Industrias Forestais

ANEXO

Expediente: MON-PO-0020/2007-V.

Denunciado: Juan José Díaz Mosquera.

Último enderezo coñecido: r/ Panasco, 2, 36350 Nigrán (Pontevedra).

Data do acordo de incoación: 15-3-2007.

Preceptos infrinxidos: artigo 67 j) da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Sanción: caducado.

Edicto do 30 de xaneiro de 2008, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de monte de Saceda por solicitude dos veciños de Saceda, da parroquia de Palmés, no concello de Ourense.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de

conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 15 de xaneiro de 2008, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado de Saceda, tramitado por solicitude dos veciños de Saceda, da parroquia de Palmés-Ourense, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro.-Con data do 30 de maio de 2005 tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños de Saceda, concello de Ourense, no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños de Saceda.

Segundo.-Con data do 11 de maio de 2006 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal e man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación existente no expediente, descríbese así:

Concello: Ourense.

Denominación do monte: de Saceda.

Comunidade propietaria: veciños de Saceda, parroquia de Palmés.

Superficie: 16,75 ha aproximadamente.

O devandito monte está composto polas parcelas seguintes:

-Parcela 1:

Superficie: 12,38 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: Luis Ferreira (pol. 31, parcela 141); predios de Josefa Pérez (pol. 31, parcela 145); Manuel Pérez (pol. 31, parcela 146); Castor Fernández (pol. 31, parcela 152); María Fernández (pol. 31, parcela 153); José Fernández Rodríguez (pol. 31, parcela 154) e Manuel Álvarez (pol. 31, parcela 240).

Sur: predio de Antonio Novoa (pol. 31, parcela 453).

Leste: predios de herdeiros de Antonio Cibilera (pol. 31, parcela 127); Dosinda Álvarez (pol. 31,

parcelas 128 e 129); herdeiros de Tomás Gutiérrez (pol. 31, parcela 131) e monte de Anaigo.

Oeste: predios de Eduardo González (pol. 31, parcela 241); Antonio Fernández e Clotilde Gomez (pol. 31, parcela 251); Manolo de Sinda (pol. 31, parcela 258); Dolores Pérez (pol. 31, parcela 275); Manuel Perez (pol. 31, parcela 283); Ramón González González (pol. 31, parcela 285); Benjamín Barros (pol. 31, parcela 296); herdeiros de Gumersindo Pérez (pol. 31, parcela 274) e Ramón González (pol. 31, parcela 284).

-Parcela 2:

Superficie: 3,3 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: predios de Josefa López e Etelvino Bello.

Sur: estrada.

Leste: estrada.

Oeste: predios de José Iglesias e Luis Ferreira.

-Parcela 3:

Superficie: 300 m², aproximadamente.

Estremas:

Norte: camiño.

Sur: predio de Martín Rosado Margarita (pol. 31, parcelas 183 e 187).

Leste: estrada.

Oeste: camiño.

-Parcela 4:

Superficie: 0,52 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: camiño.

Sur: José Claudio Baltar Novoa (pol. 31, parcela 210); Dorinda Gutiérrez Rodríguez (pol. 31, parcela 221); Juan José Bello Álvarez (pol. 31, parcela 222); Etelvino Bello Pérez (pol. 31, parcela 223).

Leste: camiño.

Oeste: predios de Darío Pérez Iglesias (pol. 31, parcela 195); Benjamín Fernández Rodríguez (pol. 31, parcela 196); Etelvino Bello Pérez (pol. 31, parcela 198); Juan José Bello Álvarez (pol. 31, parcela 199) e José Fernández Iglesias (pol. 31, parcela, 200).

-Parcela 5:

Superficie: 238 m², aproximadamente.

Estremas:

Norte: estrada.

Sur: camiño.

Leste: camiño.

Oeste: camiño.

-Parcela 6:

Superficie: 0,36 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: camiño.

Sur: predio de Manuel López González e estrada.

Leste: camiño.

Oeste: camiño.

-Parcela 7:

Superficie: 126 m², aproximadamente.

Norte, sur, leste e oeste: camiño.

-Parcela 8:

Superficie: 944 m², aproximadamente.

Estremas:

Norte: estrada.

Sur: predio urbano.

Leste: camiño.

Oeste: camiño.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei: son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e esteán sendo aproveitados consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspóndelle ao xurado provincial de clasificación constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o estea desfrutando.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante os testemuños dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido ningunha reclamación de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais

en man común; o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro; o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común, a favor dos veciños de Saceda, o monte coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recuso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 30 de xaneiro de 2008.

Xosé Rodríguez Cid
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Cédula do 21 de febreiro de 2008, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESANI 2007/000878-1 e seis máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan as resolucións dos expedientes instruídos por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contado a partir do día seguinte ao da publicación

deste edicto, para examínaren o expediente e interpoñeren, dentro do prazo que en cada caso se establece, o recurso pertinente.

Os expedientes relacionados a seguir atópanse á disposición dos interesados na citada Delegación Territorial da Coruña; r/ Ramón y Cajal s/n 5º andar.

Nº de expediente: PESANI 2007/000878-1.

Denunciada: Lorena Romero Borja.

DNI: 47385339-A.

Enderezo: A Ponte da Pasaxe, Conserveira Celta, A Coruña.

Precepto infrinxido: 11.5º.

Sanción: 10.101 euros.

Nº de expediente: PESANI 2007/001383-1.

Denunciada: María Baldomar Santos.

DNI: 32447110-K.

Enderezo: Cruz de Cedeira, 26, 2º. Cedeira.

Precepto infrinxido: 11.7º, 11.19º.

Sanción: 602 euros.

Nº de expediente: PESANI 2007/001205-1.

Denunciado: Alfredo Calvete Seijo.

DNI: 32779850-C.

Enderezo: r/ Cortés, 33 Bergondo.

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 10.101 euros.

Nº de expediente: PESANI 2007/001206-1.

Denunciado: Alfredo Calvete Seijo.

DNI: 32779850-C.

Enderezo: r/ Cortés, 33. Bergondo.

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 10.101 euros.

Nº de expediente: PESANI 2007/001208-1.

Denunciado: Alfredo Calvete Seijo.

DNI: 32779850-C.

Enderezo: r/ Cortés, 33 Bergondo.

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 10.101 euros.

Nº de expediente: PESANI 2007/001207-1.

Denunciado: Alfredo Calvete Seijo.

DNI: 32779850-C.

Enderezo: r/ Cortés, 33 Bergondo.

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 10.101 euros.

Nº de expediente: PESANI 2007/001234-1.

Denunciado: José Luis López Calvete.

DNI: 32779744-Y.

Enderezo: rúa San Antonio, edif. Villar, 1, 5º esqda.

Fonteculler Culleredo.

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 10.101 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), os importes das devanditas sancións deberán ser aboados nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou en caso contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobramento pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario os interesados deberán recoller na antedi-

